

el

MÚSICA

Borja Quiza: cancións de ida e volta

NO TEATRO JOFRE

exemplar gratuito

Terbutalina

EN FENE

Alberte Branco

A vocación, o talento e un profesor visionario fixeron de Alberte Branco, “Bertitxi”, un dos directores de fotografía de referencia do cinema actual. O fenés leva plasmando o seu selo nas mellores películas filmadas en Galicia e fóra dela nas dúas últimas décadas. O seu último proxecto vén de ser “Prefiro condenarme”, a cinta de Margarita Ledo rodada nestas terras.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Mario Llorca

Aí. Falemos dos teus comezos e do nacemento da túa vocación.

AB. Foi no colexio da Xunqueira, en San Valentín, en 8º de EXB cun profesor que se apelidaba Sabín, de San Sadurniño. O home dábanos matemáticas e ximnasia pero facía actividades extra escolares co cinema, en cintas de VHS, e faciamos afiches das películas e me explicaba para que servía cada tipo de traballo nas películas. Eu quedeime co de director de fotografía e xa foi unha obsesión. Desgraciadamente o home faleceu pouco anos despois, moi novo.

Aí. Logo fórmaste na Coruña, non?

AB. Si, primeiro estudei nunha escola de fotografía e logo xa apareceu a Escola de Imaxe e Son de Someso, con Manolo González á cabeza, todo moi experimental e moi pragmático. Non se entraba por estudos ou cartos senón por bagaxe cultural. Recordo un exame analizando imaxes de películas de Hitchcock e Coppola. E ao pouco xa estaba facendo traballos de iluminación, fotografía, etc.

Aí. Estamos nesa Galicia da segunda metade dos 90 na que comeza o audiovisual do país.

AB. Si, despois dun arranque con “Sempre Xonxa”, “Urxa” e “Continental” pasan uns anos de parón pero a cousa se retoma con varias coproducións con Madrid e con produtoras galegas como Continental, de Pancho Casal, e Filmanova, de Reixa. Nese momento eu teño dúas opcións, seguir estudando cunha beca que me deron para a escola de cine de Cuba ou meterme de cheo a traballar porque me ofreceran aquí ser técnico de iluminación. Escollín o segundo.

Aí. Por que esa escola?

AB. O cinema é un oficio como outro calquera, como zapateiro, e nel aprendes traballando, neste caso coas luces, diafragma e eu estudaba de preto aos directores de fotografía. Ao final debín participar nesta época nuns 35 proxectos.

Aí. Tardaches en dar o salto á dirección de fotografía?

AB. Un pouco, quixen seguir formándome e pasei en 2003 pola Escola de Cine de Cataluña, nun curso de posgrao cun profesional enorme, Tomás Pladevall. Xa de volta a Galicia comecei en 2005 cun traballo de Judas Diz e a partir de aí xa me enganchei e levo unhas vinte longametraxes en Galicia,

España, Portugal e os Estados Unidos.

Aí. Nos estados Unidos rodaches “A foreign song” que imaxino que non vas esquecer.

AB. Non, é un documental sobre o poeta Wallace Stevens, pero fotografando a paisaxe de Connecticut en inverno, retratando un estado de ánimo. Adiantamos a rodaxe porque ía nacer a miña filla Icía e resulta que chegou antes do previsto, pero non paramos e ao final só unha semana despois xa tiña á nena no meu colo.

Aí. Que é o máis importante para un director de fotografía?

AB. Ver como funciona a luz en cada espazo, a súa atmosfera, e como podes traballar con ela, con que filtros, as súas texturas, as súas sombras. Cando vou a un sitio procuro gardar na memoria a luz de cada lugar.

Aí. Ese sería o resumo do teu traballo como director de fotografía?

AB. É o máis importante pero hai outros elementos: mergullarse de cultura, ver moita pintura, escultura e cine, ler canto se poida... Hai que activar a mirada e gardar esa atmosfera para amosalas en corpos, peles e facianas de actrices e actores cando o necesites, e



“PROCURO GARDAR NA MEMORIA A LUZ DE CADA LUGAR”

organizando o traballo con quen dirixa a película para subliñar a psicoloxía dos personaxes e transmitir emocións.

AÍ. Por proximidade estética, con quen che gustaría traballar no noso cinema?

AB. Encantárame colaborar con Carla Simón e con Oliver Laxe, con quen xa estiven a piques de facer algo. Admiro o traballo de ámbolos dous.

AÍ. Este ano rodaches en boa parte de Ferrol, Pontedeume ou Fene entre outros lugares “Prefiro condenarme”, de Margarita Ledo, que se presentará en 2025. Como foi a experiencia?

AB. Moi especial porque moitas das paisaxes nas que rodamos son as da miña infancia e iso é moi emocional. Ademais hai un traballo clave que é o de preproducción, que non se ve pero que leva tempo e é necesario. No noso cinema traballas con cartos públicos e tes que ser preciso coa rodaxe, non gastar tempo que ao final é diñeiro. Así, a localización e puider facela con Margarita, amiga e a quen admiro, e coa guionista, que é Eva Veiga. Houbo moita complicidade e foi moi emocionante por exemplo revivir un serradoiro de Nogueirosa ou a cafetería Brasilia de Pontedeume. Ademais a historia é moi potente acerca da vida dunha muller real.

PROGRAMACIÓN **2024**
SETEMBRO



Tolóptica
Martín Espantoso
Jofre | 19.00h | 5€
Teatro



**A Emigración Galega.
Cancións de ida e volta**
Borja Quiza
Jofre | 20.30h | 5€
Clásica



Mangoreté
Bea García e Desiré Pillado
Jofre | 20.30h | 5€
Teatro musical



Matar a un Ruisenor
Torrente Ballester | 20.30h | De balde
Ciclo Literatura e Cine



Información detallada
de toda a programación cultural
<http://www.ferrolcultura.gal>

6-7-8 venres a domingo

MENINAS DE CANIDO

Festival de arte urbana

BARRIO DE CANIDO (FERROL)



A XVI EDICIÓN DAS “MENINAS DE CANIDO” ESTÉNDESE DURANTE TRES DÍAS COA PARTICIPACIÓN DE MÁIS DE VINTE ARTISTAS, MÚSICA E MERCADO CREATIVO.

O periodista Jesús Ordovás será o pregoeiro desta edición, na que van participar artistas como Belin, Diego As, María Die, Sergio Ayala, Fire, Vuelco, Sr. Gotta, Isabela Fox Arias, ademais de habituais como Sfir e Luis Rapela. Todos eles estarán pintando os seus murais no barrio durante a fin de semana. A programación musical comezará o venres coas bandas 3 Bravos Toros 3 e Indy Tumbita & the Voodoo Bandits. O sábado á tarde (19:00 h) abrirá a sesión Santiago Auserón co seu espectáculo en solitario “Luces de la frontera”, onde presenta as súas cancións con improvisados relatos que combinan lirismo e humor. Na mesma tarde, o Cuarteto Atlánticas e a parella vaguesa Tony Lomba e Elio dos Santos. O domingo será o día do folk galego con Lenda Ártabra e Adóbriga.

13 venres

20.30 H

SAMSARA

Cinema

TEATRO JOFRE (FERROL)

DE BALDE

ACOMPANAMOS A UNHA ALMA A TRAVÉS DO CICLO DE MORTE E REENCARNACIÓN. DOS TEMPLOS BUDISTAS DE LAOS ATA AS GRANXAS DE ALGAS DE ZANZÍBAR.

“Samsara”, a última película de Lois Patiño, é o ciclo budista de morte e reencarnación. Desde os templos de Laos, convivindo con monxes adolescentes, acompañamos a unha alma no seu tránsito dun corpo a outro, a través do bardo. As palabras do “Libro tibetano dos mortos” sérvennos aquí de guía para non perdernos polo máis aló. Un percorrido lumínico e sonoro que nos levará a reencarnarnos nas praias de Zanzíbar, onde grupos de mulleres traballan en granxas de algas.

15 domingo

19:00 H

TOLÓPTICO

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

5 €



ESTREA DA OBRA DA COMPAÑÍA DO ÁCTOR GALEGO MARTÍN ESPANTOSO. UN TEXTO DE ISAMEL G. CANDAL DIRIXIDO POR XOSÉ LEIS.

Cunha convención na que se vai entregar o premio ao mellor vendedor dunha óptica, xunta a un axente comercial meticuloso pero egocéntrico e a outro despreocupado pero empático.

20 venres

20.30 H

BORJA QUIZA

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

5 €



“A EMIGRACIÓN GALEGA: CANCIÓNS DE IDA E VOLTA” É O TÍTULO DESTE RECITAL DO BARÍTONO BORJA QUIZA E O PIANISTA FERNANDO BRIONES, QUE PERCORRE AS SONORIDADES DE CUBA, ARXENTINA E MÉXICO.

Catro bloques de cancións pertencentes aos catro principais núcleos relacionados coa emigración galega: Galicia, Cuba, Arxentina e México. Se intercalan as cancións con explicacións sobre o contexto histórico e sociocultural das composicións e a súa relación co éxodo galego, falando dos compositores (Xosé Castro Chané, Xoán Montes, Lecuona ou Gardel, entre outros), o significado das letras ou a súa popularidade. Cancións que cruzaron o Atlántico en ambos os dous sentidos, tesouros sementados e recollidos nas dúas beiras do noso océano.

21 sábado

17.00 H

PICA PICA

Infantil

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

16 €



“BAILANDO” É O NOVO ESPECTÁCULO DESTE GRUPO MADRILEÑO DE MÚSICA E TEATRO INFANTIL, MOI POPULAR ENTRE OS NENOS.

Ignacio Repetto, Emiliano Müller e Belén Seixo, actores, bailaríns e pallasos, son os auténticos nomes baixo a máscara dos personaxes de Pica-Pica, os youtubers infantís do momento.

Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo
15402 FERROL - A Coruña
Tels.: 981 074 644 - 698 179 453
e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es

PROGRAMACIÓN
2024



SETEMBRO

S 21 17:00 HORAS

INFANTIL / FAMILIAS
LOS PICA PICA

BAILANDO

S 28 20:00 HORAS

COMEDIA
PRODUCCIÓN TEATRAIS EXCÉNTRICAS

TRES VELLAS NA ROMERÍA

OUTUBRO

V 04 20:30 HORAS

S 05 20:00 HORAS

TEATRO CONTEMPORÁNEO
OS NÁUFRAGOS TEATRO

NOSO

V 11 20:30 HORAS

TEATRO
FÉLIX ALBO

FAROS

S 12 20:00 HORAS

DANZA CONTEMPORÁNEA
ARACAL DANZA

VA DE BACH

D 13 18:00 HORAS

TEATRO MUSICAL
GAUDIUM TEATRO

VAIANA, EL MUSICAL DEL MOMENTO

S 19 20:00 HORAS

COMEDIA
TEATRO CALAVERA

JÁNSEL E PÓNSEL

V 25 20:30 HORAS

MÚSICA
UGÍA PEDREIDA

BASAL

S 26 20:00 HORAS

COMEDIA
CDG

TERCEIRO ACTO



PAZO DA CULTURA
Concello de Narón

SALA CURUXEIRAS

PUERTO Y CIUDAD

1 - 15 SEPTIEMBRE

📍 SALA CURUXEIRAS

🕒 11.00 A 14.00 H - 17.00 A 20.00 H

EXPOSICIÓN "FERROL VELLO, EL BARRIO DEL QUE TODOS SOMOS VECINOS"

19 - 29 SEPTIEMBRE

📍 SALA CURUXEIRAS

🕒 12.00 A 13.30 H - 18.00 A 20.00 H

EXPOSICIÓN DE PINTURA "PINTANDO GALICIA" - O PORTUXÉS

28 SEPTIEMBRE

📍 ESPIGÓN EXTERIOR DEL MUELLE INTERIOR

🕒 09.30 A 13.00 H

VI JORNADA DE PESCA INFANTIL

20-21-22 venres a domingo

FENEROCK

Música

PASEO DE SAN VALENTÍN (FENE)

20 €



O PUNK DA BANDA MADRILEÑA BOIKOT E O VETERANO SON DOS PORRETAS ENCABEZAN O CARTEL DA 21 EDICIÓN DESTE CLÁSICO DO VERÁN EN FERROLTERRA, CON MOITAS BANDAS GALEGAS E UN AGASALLO EN FORMA DE SESIÓN VERMÚ.

A banda coruñesa Nordés, A Pelo (banda tributo a Platero y tu) e Forraje (A Pobra do Caramilañ) abren o festival o venres, noite que pechará a mítica banda do barrio de Hortaleza Porretas, próxima xa a cumprir 40 anos nos escenarios. O sábado será o turno dos locais Turbo Kraks (Ferrol), Bule (Pontedeume) e os tamén madrileños Sons of Aguirre & Scila. Para pechar o festival, Boikot, unha banda con moitos anos de escenario ás costas, un son potente e un marcado discurso político.

O festival inclúe dúas sesións vermús: os ferroláns Señor X e a banda de Muros Terbutalina, que presenta o seu novo disco “Era Cabra”: transversalidade e evolución como notas definitorias do regreso de Terbutalina, que volven cunha proposta moito máis xenuína, contundencia sonora e conciencia de pertencer á escena alternativa.

21 sábado

20.30 H

MANGORETÉ

Teatro Musical

TEATRO JOFRE (FERROL)

5 €

DÚAS AZAFATAS CHEGADAS DOUTRO PLANETA CONVIDAN AO PÚBLICO A MUDAR AS SÚAS VIDAS A CAMBIO DUN “CHISQUIÑO” DA SÚA LIBERDADE.

Neste musical cheo de humor ácido dúas azafatas chegadas de “Mangoreté” falan de adiccións, emigración, política ou machismo nun espectáculo que combina danza, música e improvisación. En directo, a música da Big Band “Obradoiro de Música Moderna Carlos Barruso”. O espectáculo naceu hai sete anos en Ferrol e reestrouse este ano no Teatro Principal da Estrada.

28 sábado

20:00 H

TRES VELLAS NA ROMARÍA

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,5 €



CELSE FERNÁNDEZ SANMARTÍN, GUTI E QUICO CADAVAL VOLVEN COAS TRES VELLAS BUSCANDO NAS MEMORIAS DAS DEVANCEIRAS OS DÍAS GLORIOSOS DE ROMARÍAS E FESTA.

Bailes, milagres, devocións, exorcismos, empanadas e melindres, viño novo e caña brava... As tres vellas lían á cabeza os seus máis fermosos panos para saír a bailar muiñeiras, xotas e bailes charros nos torreiros das festas. Unha viaxe equidistante aos tempos de “Deus é bo, mais o demo non é malo”.

ESTREA DESTACADA: 6 DE SETEMBRO



Klaudia Reynicke REINAS

NOTAS DA DIRECTORA

O filme narra a historia desta familia no contexto dunha época social e política moi convulsa no Perú, no verán de 1992. Cal foi o maior reto para retratar ese contexto?

Eu quería falar desta familia pero sen facer do contexto un gran protagonista. O contexto tiña que ser parte do que eles estaban a vivir, pero non é un filme que fale do conflito armado en si. Creo que atopar un balance, un equilibrio sobre iso foi o máis complicado.

Eu tamén fun neno nos anos 80 e 90, un vivía os apagamentos, a falta de auga... porén, lembro eses anos como das mellores épocas da vida.

Exacto, durante a escritura do guión contactei a moitos familiares e pedíalles que me contasen como viviron aqueles momentos como adultos.

Porque eu, como nena, alá pasábaa superben, non? Si lembro que o tema do conflito

era algo omnipresente, e que os adultos dalgunha maneira sempre estaban a falar diso. Sendo adulta e pasando tantos anos, dícialle á miña nai: “é increíble como nos deixaban saír á rúa!”. Moitas desas historias que me contaron, incluímolas no filme, por exemplo cando eles saen á noite en toque de queda, e os militares detéñenos, iso pasoulle a un dos meus tíos.

A actriz española Susi Sánchez regresou ao Perú logo de 15 anos de filmar La teta asustada, como foi o proceso xunto a ela?

Moi organicamente, de maneira moi fluída, entrou no seu personaxe porque, primeiramente xa estivera en Perú, xa coñecía un pouco a idiosincrasia. Susi é unha actriz cun talento tan enorme que, desde o momento en que ela entendeu como encarnar e darlle a súa propia alma e enerxía a esta avoa, a verdade é que eu a deixei facelo, porque vin que o que ela daba era exactamente o que necesitaba esta avoa, coa súa forma de ser un pouco fría pero tamén

moi cariñosa e divertida.

Previamente dirixiches filmes en Suíza, sendo Reinas a túa primeira longametraxe de ficción filmada no Perú.

Que representou para ti o poder filmar na túa cidade e no teu país natal?

Foi un grande regreso, creo que parte de min sempre quería regresar ao Perú, pero eu non quería volver como unha turista, ou de vacacións para ir ver familiares, o que xa fixera. Canto máis vella me poñía, máis necesitaba re-conectar con Perú e coa súa xente, creo que isto era algo subconsciente. Todos os meus recordos de Lima, de Perú, estaban asociados á miña infancia, e iso é un pouquiño o que vemos no filme, que é realmente o que eu deixei. Tamén creo que como adulta, como nai, como peruana, eu necesitaba crear novas memorias, un futuro co que tamén é o meu país. Foi increíble, moi bonito, foi un soño en realidade poder facer isto.

Por Laslo Rojas Contreras para cineencuentro.com (extracto)

06 SETEMBRO**BITELCHÚS BITELCHÚS****Tim Burton**

2024 | EUA | 104' | INGLÉS



Volve Bitelchús! Despois dunha traxedia familiar inesperada, tres xeracións da familia Deetz regresan ao seu fogar na pequena cidade de Wint River. A vida de Lydia, que segue atormentada por Bitelchús, dá un xiro cando a súa rebelde filla adolescente, descobre a misteriosa maqueta da cidade no ático e o portal ao Máis Alá ábrese de forma accidental.

Venecia 2024 (Sección Oficial)

“Marabillosamente trastornada e infinitamente inventiva” *The Hollywood Reporter*

REINAS**Kludia Reynicke**

2024 | PERÚ | 105' | ESPAÑOL | +12



Perú, anos 90. Cunha situación política moi convulsa e os militares controlando as rúas, dúas irmás adolescentes e a súa nai están a piques de abandonar o país en busca dunha vida mellor. Para iso necesitan a autorización do seu pai.

Berlín 2024 (Generation Kplus - Gran Premio do Xurado ao Mellor Filme)

“Conmovero estudo de personaxes sobre unha familia que intenta afianzarse nun panorama político inestable” *The Hollywood Reporter*

13 SETEMBRO**TÉ NEGRO****Abderrahmane Sissako**

2024 | EUA | 111' | CHINÉS | +7



Aya, unha rapaza de Costa de Marfil, sorprende a todos ao dicir ‘non’ o día da súa voda. Coa intención de comezar unha nova vida, trasládase á China onde consegue traballo nunha boutique de té, propiedade de Cai, que inicia a Aya na cerimonia do té chinés.

Berlín 2024 (Candidata a Mellor Filme)

“Sissako rompe as fronteiras entre África e Asia, soño e realidade, e pasado e presente nun filme enigmático e melancólico sobre o amor e a liberdade” *Cineuropa*

20 SETEMBRO**SÓ PARA MIN****Valérie Donzelli**

2024 | Francia | 104' | francés | +16



Cando Blanche Renard coñece a Greg Lamoureux, cre ter atopado a persoa indicada. Blanche abandona a súa familia e pouco a pouco se encontra atrapada nas garras dun home profundamente posesivo e perigoso.

Cesar 2023 (Mellor Guión Adaptado)

“Valérie Donzelli ofrece o seu mellor filme até a data, trazando con novelística agudeza a traxectoria dunha muller que cae baixo o control dun home” *Cineuropa*

MARCELLO MÍO**Cristophe Honoré**

2024 | FRANCIA | 120' | FRANCÉS | TP



Chiara, filla de Marcello Mastroianni e Catherine Deneuve, dise a si mesma que preferiría vivir a vida do seu pai. Vestir como el, falar como el, respirar como el, con tal forza que os que a rodean comezan a crelo e a chamala «Marcello».

“Unha instantánea da arte, a cultura e os lazos familiares da xente que estaba alí. É difícil non sorrir. É simplemente bellísimo!” *The Playlist*

27 SETEMBRO**SOY NEVENKA****Icíar Bollaín**

2024 | ESPAÑA | ESPAÑOL



No ano 2000, Nevenka, concelleira de Facendo no Concello de Ponferrada, decide denunciar o acoso que sofre por parte do alcalde. A sociedade de Ponferrada dálle as costas e os medios a someten a un xuízo público.

Baseado nun caso real que levou por primeira vez a un político influente ante os tribunais por acoso sexual e laboral.

San Sebastián 2024 (Candidata a Mellor Filme)

Petís DUPLEX

**CINEMA PARA TODA A FAMILIA, OS DOMINGOS ÁS 12:00.
CICLO GRATUÍTO EN COLABORACIÓN COA CONCELLERÍA DE CULTURA DE FERROL**

DOM 1 E DOM 15

BO DÍA

Yasujirō Ozu

1959 | XAPÓN | 93' | ESPAÑOL | TP



Xapón, anos 50. Coma todos os días, os membros dunha familia dispónense a afrontar os seus problemas, soños e realidades. O pai, cos altibaixos do seu traballo e as esixencias que impón a educación dos seus fillos. A nai, administrando os ingresos familiares e atendendo ás múltiples complicacións da vida doméstica. E os fillos obsesionados por ter unha televisión na casa, e un deles enfascado nos seus estudos e angustiado por un defecto físico.

“Un estudo amable e vibrante da vida cotiá e un tratado enxeñoso e sabio da importancia da comunicación” David Perkinson

DOM 8 E DOM 22

NINA E O SEGREDO DO OURIZO

Jean-Loup Felicioli, Alain Gagnol

2023 | FRANCIA | 78' | ESPAÑOL | +6



A Nina gústalle ir durmir escoitando as historias que lle conta o seu pai, as dun ourizo que descobre o mundo. Unha noite, o seu pai, preocupado polo traballo, non segue o ritual e non lle conta unha nova aventura... Afortunadamente, o seu mellor amigo Mehdi está alí para axudala a atopar unha solución: que pasaría se o tesouro escondido na antiga fábrica puidese resolver todos os seus problemas? Nese momento comeza unha grande aventura que implica escapar da vella veciña e do seu gato Despeiteado, impedir as trampas do gardián da fábrica e enganar ao seu gran can... O pequeno ourizo liderará a investigación ao seu lado!

**Anney 2023
SEMINCI 2023
(Competición Miniminci)
Mi Primer Festival 2023
(Competición Oficial)**

“Un thriller infantil ambientado nun transfondo de loita social, a última longametraxe do dueto Gagnol e Felicioli (Un

gato en París e Phantom Boy) chega ao corazón co seu humor e a precisión dos diálogos.” Stéphane Dreyfus

DOM 29

OKGRACIASEADÉUS

Nicole van Kilsdonk

2023 | PAÍSES BAIXOS | 92' | ESPAÑOL | +8



Jamie e unha adolescente de 12 anos que se traslada a un internado para persoas xordas para comezar o curso escolar. A causa da súa timidez, é reticente a facer novas amizades. Cando, de súpeto, non pode volver a casa a pasar a fin de semana, un plan inesperado preséntase con Imane (13), intrépida compañeira de clase. Xuntas emprenden un itinerario por estrada a París, pero pronto as cousas se torcen e a viaxe toma un aire aventureiro. Jamie vese obrigada a saír ao mundo. O periplo, cheo de obstáculos e encontros especiais, convértese nunha viaxe inesquecible.

27 SETEMBRO
LA VIRGEN ROJA

Paula Ortiz

2023 | ESPAÑA | 114' | ESPAÑOL



Hildegart é concibida e educada pola súa nai Aurora para ser a muller do futuro, converténdose nunha das mentes máis brillantes da España dos anos 30 e nun dos referentes europeos da sexualidade feminina. Aos 18 anos, Hildegart comeza a experimentar a liberdade e coñece a Abel Velilla, quen a axuda a explorar un novo mundo emocional e a distanciarse do férreo niño materno. Aurora teme perder o control da súa filla e fai todo o que pode para evitar que Hildegart marche. As dúas mulleres enfrontaranse durante unha noite de verán de 1933, poñendo fin ao “Proxecto Hildegart”.

Off DUPLEX

PASES ÚNICOS

MAR 17 ÁS 20:00

SIDONIE EN XAPÓN
ÉLISE GIRARD

2023 | FRANCIA | 95' | FRANCÉS | +12



Sidonie viaxa a Xapón para promocionar a súa primeira novela. A pesar de todas atencións do seu editor xaponés, co que vai descubrindo os encantos e misterios do país, Sidonie sintese perdida, sen rumbo... E as cousas non melloran cando comeza visitala a pantasma do seu marido, desaparecido tempo atrás.

Berlinalle 2023 (Panorama)

“Minimalismo altamente sofisticado, que sen embargo di moito e que proporciona a Isabelle Huppert e Tsuyoshi Ihara uns papeis marabillosos”
Cineuropa

Tempada Ópera

MAR 10 ás 19:30 (Dir.)

AS VODAS DE FÍGARO

David McVicar

2024 | REINO UNIDO | 240' (CON DESCANSO) | ITALIANO | MÚSICA: WOLFGANG AMADEUS MOZART
DESDE A ROYAL OPERA HOUSE DE LONDRES
Entradas: 15 €



O conde de Almaviva vive coa súa Condesa nunha mansión preto de Sevilla. O conde encaprichouse con Susana, a serventa da súa esposa, que está a piques de casarse con Fígaro, o servente do conde. Asemade, Cherubino, o novo paxe do Conde, namorou da Condesa, pero despedírono tras descubri-lo con Barbarina, a filla do xardineiro Antonio. Fígaro decide impedir que o Conde seduza a súa futura esposa, o que da lugar a unha serie de equívocos, malentendidos e plans frustrados nos que participan todos os habitantes da mansión mentres cada un intentar conseguir o que quere.

DUPLEX Cinema

Máis información en duplexcinema.com

Travesía Moreno 3, Ferrol
info@duplexcinema.com | 981 35 60 65


De LUNS a DOMINGO


De 17:00 a 22:00 | Sesións matinais sábados e domingos

Proxeccións serán en versión orixinal subtitulada, agás que se sinalo o contrario.

Co financiamento de:

Facemos parte de:





NOVELA

RAPARIGAS DE UNIFORME

CHRISTA WINSLOE (TRAD. M^ª ALONSO SEISDEDOS) | IRMÁS CARTONÉ | 112 PÁX. | **14,80 €**

AS CONTADAS PERO REQUINTADAS TRADUCIÓNS AO GALEGO QUE CADA ANO PUBLICA A EDITORIAL IRMÁS CARTONÉ, AQUÍ A CARGO DE ACTIVA MARÍA ALONSO SEISDEDOS, CENTRA A SÚA ÚLTIMA REFERENCIA EN “RAPARIGAS DE UNIFORME” NOVELA DA ESCRITORA ALEMÁ CHRISTA WINSLOE (1888-1944).

Trátase dunha obra de culto na Europa de entreguerras xa que fala abertamente do tema das relacións lésbicas baseadas na propia experiencia de Winsloe. Publicada primeiro como obra de teatro e logo como novela, que é a que contén este volume, conta unha historia do espertar dunha sexualidade reprimida, a de Manuela von Meinhardis, unha rapariga que cando morre a súa nai queda a cargo dunha tía a baronesa quen a interna nun colexio para fillas de militares. Dirixido con man de ferro, a disciplina prusiana do lugar é extrema e apóiase en tese como que a man dura ou o feito de pasar fame forxan o carácter das alumnas. Manuela, acostumada a unha existencia cómoda, terá problemas para axustarse á disciplina da directora. Porén, atopará consolo en brazos da mestra Erzieherein Von Bernburg, a profesora máis nova do internado e a máis querida polas internas. A novela inspirou varias películas entre as que destaca unha alemá de 1931 dirixida por Leontine Sagan e outra mexicana de 1951 de Alfredo B. Crevenna.

XUVENIL-CD

O SEGREDO DE JOSEPH HAYDN

SUSO DE TORO / XOSÉ COBAS | XERAIS | 112 PÁX. | **13,50 €**

Regresa Suso de Toro á narrativa para os máis novos con este relato que fantasea sobre a posibilidade de que o gran compositor austríaco Joseph Haydn visitase Galicia de camiño a Londres e o moito que aquí descobre, desde a música á gastronomía. O texto está ilustrado con imaxes do grande Xosé Cobas e aínda ten outro atractivo a maiores. Inclúe un CD interpretado polo Fisión Atlántica Ensemble que contén catro cuartetos para frauta e trío de cordas de J. Haydn así como varias pezas do folclore galego gravadas ao vivo.

NOVELA

OS MORTOS QUE AMEI

IRIA COLLAZO LÓPEZ | GALAXIA | 172 PÁX. | **17,60 €**

A poeta e narradora Iria Collazo López regresa á escrita cunha novela diferente na súa produción. Un relato sobre o amor aos nosos devanceiros e a memoria, ás pantasmas que reviven nos recordos e aos desastres da perda cognitiva. Narrado con bo pulso e ben organizado, con pingas de humor incluso, o relato ten como protagonistas á octoxenaria Celeste, o seu can Elvis e o seu consogro Antón, nunha viaxe cara o sur a un lugar na procura de alguén. Como curiosidade, o texto foi escrito en Xeorxia, nunha residencia literaria da súa autora.

DELICIAS SONORAS



**ORQUESTRA BRAVÚ
XANGAI OS SAXOFÓNS DE
OCCIDENTE**

Se hai unha superbanda formada por músicos de diferentes formacións da música popular galega esa é a Orquestra Bravú Xangai. Con Xurxo Souto como “frontman”, o grupo levaba varios anos e moitos concertos ao vivo pero é agora cando edita o seu primeiro traballo discográfico, “Os saxofóns de occidente”. Unha alquimia de sons populares con protagonismo dos ventos do título como de tantas verbenas que no país son. Un total de 18 pezas gravadas nos estudos A Ponte. Alén de repetidas etiquetas, quen asistira a un dos seus concertos quedará gratamente sorprendido do acerto da orquestra para sintetizar o amplo catálogo de música popular que vai desde o canónico bravú ata cumbia, bolero, big band ou calquera tipo de son que manifesta a capacidade dos de Souto para transmutar o son de verbena galega nun sentimento propio. “O pobre não tem, o rico não dá!”, “Ilha de Tambo”, “Vigocorunhenta” ou, entre outras, esa homenaxe ao grelo de Monfero que é “Grelocumbia” son xa un galano de Galiza para o mundo. Baile, emoción e país.



**VV.AA. PETTY COUNTRY:
A COUNTRY MUSIC
CELEBRATION OF TOM
PETTY**

Un dos discos tributo máis interesantes dos moitos publicados ultimamente ben podería ser este “Petty country: A country music celebration of Tom Petty”. O título xa o di todo: a aristocracia da música norteamericana deste xénero homenaxeaa ao monumental Petty. Referentes clásicos do xénero como Dolly Parton ou Willie Nelson encabezan unha nómina de bandas e artistas como Steve Earle, Midland, Mary Stuart e así ata vinte que percorren o máis selecto das composicións do grande músico falecido en 2017. Temas populares como “American girl”, “Running down a dream”, “I won´t back down”, “Learning to fly” ou “Free fallin´” entre outras non faltan neste catálogo que amosa, ademais a grande riqueza de sons dunha música tradicional norteamericana que soa por momentos clásica como en ocasións máis abeirada ao pop ou ao rock. Isto fala tanto da versatilidade do xénero como da ductilidade das composicións de Petty. Un resultado excelente que amosa a calidade dun creador cun enorme talento.



**NOUVELLE VAGUE: SHOULD
I STAY OR SHOULD I GO**

Como no momento de redactar estas liñas o verán aínda non rematou, temos tempo de escoitar algún son refrescantes. Aínda que de novidade limitada, a banda francesa Nouvelle Vague que hai un par de anos actuou no Arsenal de Ferrol celebra o seu vixésimo aniversario cunha fórmula que, certamente pouco orixinal, ofrece resultados bastante satisfactorios. A formación fundada por Marc Collin e Olivier Libaux, pola que non cesan de pasar un fato de artistas convidados, dá outro aire a clásicos dos anos 80 con estilos que van da bossa ao swing, reggae ou o arrecendo que se preste. Nesta ocasión comezan polo título do imbatible himno dos Clash, “Should stay or should I go?”, ata atravesar pezas como “What I like most you is your girlfriend” dos Specials, “The look of love” de ABC, “Shout” de Tears for Fears ou “This charming man” dos Smiths e así ata 13 cortes tuneados polos franceses. Por desigual que poida ser este novo disco aínda posúe suficientes momentos destacados para convertelo nun dos álbums máis agradables da carreira desta interesante banda de versións.

30

OUTUBRO

**ANATOMÍA
DE UNA CAÍDA**

Justine Triet (2023)

Francia
Palme d'Or no Festival de Cannes.
Ampliamente premiada en
festivais internacionais.

06

NOVEMBRO

**LA ZONA
DE INTERÉS**

Jonathan Glazer (2023)

Reino Unido. V.O.S.E.
Oscar á mellor película estranxeira e
Gran Premio do Xurado en Cannes.

13

NOVEMBRO

THE INNOCENTS

Eskil Vogt (2021)

Noruega
Mención especial no festival de Sitges.
Nominada a *Un Certain Regard*; mellor
película no Festival de Cannes.

20

NOVEMBRO

DOLOR Y GLORIA

Pedro Almodóvar (2019)

España
Ganadora de 7 Coyas e 6 premios
Feroz, incluíndo Mellor película.
Nominada ao Oscar.

CINE EUROPEO

20:00h Pazo da Cultura · NARÓN
ENTRADA DE BALDE

Pintura

MORRIÑA AZUL

ATA O 11/10/24

ATENE FERROLÁN

DE LUNS A VENRES: DE 17.00 A 21.00 HORAS.

Carmen Alberto Rodríguez expón por vez primeira unha colección de paisaxes litorais e temática de verán. Entre as pezas figuran sete de gran formato.

Memoria

FERROL VELLO: O BARRIO DO QUE TODOS SOMOS VECIÑOS

ATA O 15/09/24

SALA CURUXEIRAS

DE LUNS A DOMINGO: 11:00 A 14:00 E DE 17:00 A 20:00 HORAS..

Poñer en valor a historia dun barrio emblemático para a cidade, e especialmente o seu vencello co porto, é o obxectivo da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, que promove esta mostra que nos retrotrae ao noso pasado a través de fotografías, vídeos, maquetas e documentos que desvelan como naceu e se desenvolveu Ferrol Vello. Susana Menéndez Seoane, comisaria da exposición, reuniu o material que compón a mostra que nos permite revivir a historia, pero tamén as anécdotas, algunhas delas pouco coñecidas, do barrio que leva o nome da cidade. Os paneis informativos instalados ao longo da sala complementan o material que nos permite coñecer a historia as festas, os lugares emblemáticos ou o modo de vida dos seus habitantes ao longo dos anos. Hai curiosidades, como o balneario que no século XIX había en Ferrol Vello, maquetas, documentos históricos e revistas orixinais das festas da Parrocheira.

Videocreación

MAREA

ATA O 15/09/24

C.C. TORRENTE BALLESTER (FERROL)



DE MARTES A SÁBADO: DE 11.00 A 14.00 HORAS E DE 17.00 A 21.00 HORAS
SÁBADOS E DOMINGOS: DE 11.00 A 14.00 H. LUNS PECHADO

O cineasta vigués Lois Patiño expón en “Marea” pezas que utilizan o vídeo como medio de expresión e que tratan de comunicar a conexión coa paisaxe. A exposición xira ao redor de dúas pezas: Hadal, unha instalación composta por un vídeo, dúas videoinstalacións e unha instalación lumínica; e a curtametraxe experimental El sembrador de estrelas. A elección das obras implicou unha consideración sobre a súa percepción, a súa correlación e tamén o relato cos espazos de exhibición, que non son só físicos, tamén apreciativos: a mirada, a memoria, a sensibilidade, o exercicio de achegamento e comprensión. Marea, coas súas dúas beiras, incita ao desprazamento, á pausa e a un deslizamento do tempo en devir do seu agora. A instalación Hadal «mergúllanos nunha incerta escuridade do mar, e reflexiona sobre aspectos perceptivos e sensoriais da experiencia submariña. A flotabilidade do corpo, a atención á respiración e o movemento oscilante da luz, envólvennos nunha experiencia íntima de fonda introspección», como describe o seu autor. Unha transposición entre abismo oceánico, corpo «amniótico» e fantasía perdurable.



CINE DE animación

PELÍCULAS PERFECTAS PARA ADULTOS

20:00h

Pazo da Cultura · NARÓN

ENTRADA DE BALDE

MÉRCORES
DE CINE
20:00
Pazo da Cultura NARÓN

18

SETEMBRO

FANTÁSTICO

SR. FOX

Wes Anderson (2009)

Para todos os públicos.

Galardoada en multitude de premios
da crítica e nominada ao Oscar á mellor
película de animación.

25

SETEMBRO

ARRUGAS

Ignacio Ferreras (2011)

Para todos os públicos.

Ganadora do Goya á mellor película
de animación e mellor guión adaptado.
Nominada á mellor film de animación
nos premios do Cine Europeo.

02

OUTUBRO

PSICONAUTAS

Alberto Vázquez, Pedro Rivero
(2015)

Non recomendada a menores de 16 anos.

Ganadora do Goya á mellor película
de animación. Nominada á mellor film
de animación nos premios do Cine Europeo.

09

OUTUBRO

LA VIDA
DE CALABACÍN

Claude Barras (2016)

A partir de 7 anos.

Nominada ao Oscar e Globo de Ouro
á mellor película de animación.
Ganadora do mellor film de animación nos
premios do Cine Europeo.

SETEMBRO

01 domingo

FEIRA

11:00 h. Paseo Marítimo. Neda.

FESTA DO PAN DE NEDA

06 venres

MENINAS DE CANIDO

20:00 h. Canido. Ferrol.

PREGÓN DE JESÚS ORDOVÁS

20:45 h. Canido. Ferrol.



3 BRAVOS TOROS 3, INDY TUMBITA AND THE VODOO BANDITS, MR FISHMAN

07 sábado

FESTA INFANTIL

16:00 h. Parque de Freixeiro. Narón.

FESTA DE FIN DO VERÁN

MENINAS DE CANIDO

19:00 h. Canido. Ferrol.

SANTIAGO AUERÓN, CUARTETO ATLÁNTICAS, TONY LOMBA & ELIO DOS SANTOS, TERRAE DJ, DJ SFHIR



08 domingo

MENINAS DE CANIDO

13:00 h. Canido. Ferrol.

AIRIÑOS DE FENE, LENDA

ÁRTABRA

20:00 h. Canido. Ferrol.


ADÓBRIGA

13 venres

CINEMA

20:30 h Teatro Jofre. Ferrol.

SAMSARA



14 sábado

FEIRA

10:00 h Pavillón da Mocidade. Narón.

FEIRA DE ANTIGÜIDADES, COLECCIONISMO E VINTAGE

15 domingo

FEIRA

10:00 h Pavillón da Mocidade. Narón.

FEIRA DE ANTIGÜIDADES, COLECCIONISMO E VINTAGE

TEATRO

19:00 h Teatro Jofre. Ferrol.

TOLÓPTICA

18 mércores

CINE DE ANIMACIÓN

20:00 h TPazo da Cultura. Narón.

FANTÁSTICO SR. FOX

20 venres

MÚSICA

20:30 h Teatro Jofre. Ferrol.

BORJA QUIZA



MÚSICA

TBA Paseo de San Valentín. Fene.

FENEROCCK

21 sábado

MUSICAL INFANTIL

17:00 h Pazo da Cultura. Narón.

PICA PICA: BAILANDO



MÚSICA

TBA Paseo de San Valentín. Fene.

FENEROCCK

TEATRO MUSICAL

20:30 h Teatro Jofre. Ferrol.

MANGORETÉ



25 mércores

CINE DE ANIMACIÓN

20:00 h TPazo da Cultura. Narón.

ARRUGAS

26 xoves

CINEMA

20:30 h CC Torrente Ballester. Ferrol.

MATAR A UN RUISEÑOR



28 sábado

TEATRO

20:00 h 17:00 h Pazo da Cultura. Narón.

TRES VELLAS NA ROMARÍA



Nº 195
ANO XVII

EDITA:

ee | edicións embora
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63 - 1º. 15402 FERROL.
T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es



DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilítana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción



Deputación
DA CORUÑA

 turismo.dacoruna.gal

 @DACTurismo

 Turismo da Deputación da Coruña

 Dacturismo